

PROPOSTA DE ACTIVIDADES MUSICAIS PARA 3º CICLO

Ola de novo mozos e mozas! Estamos xa, na derradeira quincena de propostas de actividades musicais. Agardo que vos resultaran doadas, amenas, lúdicas e atractivas de realizar pero sobre todo que disfrutáades repasando os contidos e aspectos da Educación Musical.

Aquí vos deixo, polo tanto, as últimas actividades para desenvolver:

1ª_ *A que lugar ou lugares viaxarías para coñecer a súa música e bailes tradicionais?*: imaxina unha viaxe musical, colle un mapamundi ou un globo terráqueo diante e busca lugares aos que che gustaría chegar e mergullarte na súa cultura sobre todo musical. Investiga, escoita e observa sobre ela.

2ª_ *Conto musical*: teño imaxinación e con esto basta, atrevete a inventar un conto onde lle concedas especial importancia a todos eses sons, onomatopeias, cancións...que poidan xurdir dese conto. Unha vez que o teñas ideado escenifícalo con esos sons musicais (abrir unha porta, pasos, risas, berros, soplar, enrugar un papel...)

3ª_ *“Soco, bate, vira”*: no seguinte enlace tendes unha canción para traballar a percusión corporal, a psicomotricidade e a atención cun xogo de mans.

<https://youtu.be/O-17lpAYqlA>

4ª_ *“Dance Monkey”*: agora que xa quentamos o noso corpo coa actividade anterior, aquí tendes o primeiro enlace para realizar un acompañamento corporal para a canción de **TONES AND I** e o segundo link para acompañala, esta vez, con percusión utilizando vasos de plástico duro.

<https://youtu.be/EBBteybZdHY>

https://youtu.be/R1k_17PT7Sw

5ª_ *Audición obra con xornais*: para a seguinte actividade precisas follas dun xornal. Neste enlace tendes o vídeo para poder realizar o acompañamento para esta audición de Dmitri Kabalevsky - Les Comédiens, suite (minuto [9:13](#)) ;)

<https://youtu.be/3iYqXjl6Etw>

6ª_ *Vive a música!*: por último déixovos un tutorial para realizar un acompañamento con dúas culleres de plástico para esta melodía rumana “*Alunelul*”. Presta atención ao ritmo e ao tempo!

<https://youtu.be/gU1vrhGiWsk>

Lembrede que podeades repasar ou facer, se tedes algunhas pendentes e na medida das vosas posibilidades, actividades musicais das semanas anteriores.

Sen máis, decirvos que espero poder veros a tod@s en setembro en esa “nova normalidade”.

Biquiños a tod@s!!!

Rebeca